

Cartografía Crítica Metropolitana

<http://rede.blogaliza.org/2009/07/04/cartografia-critica/>

Data: Abril 2009

Promoción: Rede Dereitos Sociais

Este documento recolle unha percepción colectiva da realidade urbana. É o rexistro puntual dun proceso continuo que analiza un obxecto en evolución permanente como é a cidade.

Cunha postura crítica revélense capas da cidade que mostran as súas carencias, problemas, necesidades, e oportunidades, que compoñen o complexo territorio que habitamos ofrecendo unha lectura alternativa deste. Considerase esta unha posibilidade de participación na configuración do medio no que vivimos, un aporte baseado na investigación voluntaria de persoas que, reunidas pola Rede de Dereitos Sociais, colectivizaron un estudo de carácter autodependente.

No traballo participaron colectivos veciñais, sociais, culturais, recreativos, de inclusión social, e persoas dos campos dos movementos sociais, enxeñeiros, arquitectos ou urbanistas. A observación centrouse nos modos de construción e xestión da cidade, de usos e políticas de lecer, de oferta e consumo, de traballo e produción, e de liberdade e control. A localización e investigación das diversas categorías serviu para enfocar e continuar con proxectos de análise específicos.

